

O papel da Sindicatura da Afiliación en CCOO

■ A atención aos derechos das persoas afiliadas a CCOO débese coidar sempre, polo que ferramentas como a Sindicatura da Afiliación, posta en marcha polas CCOO catalás, deberíanse estudar para a súa implantación confederal. Lluís Filella, actual síndico, explícanos cal é o seu labor.



Lluís Filella

Síndico da Afiliación de CCOO de Cataluña

No ano 2004, o 8.º Congreso Confederal das CCOO de Cataluña (CONC) acordou a creación e posta en marcha da Sindicatura da Afiliación para garantir a atención aos afiliados e ás afiliadas como centro da estratexia do sindicato, incrementando, reforzando e, sobre todo, detallando as políticas en relación coa afiliación para favorecer a súa estabilidade en CCOO.

A Sindicatura da Afiliación ten como obxectivo garantir e tutelar os dereitos dos nosos afiliados e afiliadas e, ao tempo, ser un elemento dinamizador na mellora dos servizos que reciben e no incremento da atención á afiliación. A sindicatura é unha figura que consta actualmente nos nosos estatutos, do mesmo xeito que a Comisión de Garantías e a Comisión de Control Administrativo e Financeiro.

A elección da persoa que asumirá esta tarefa –defensora das persoas afiliadas ante actuacións do propio sindicato– correspóndelle ao Comité Confederal das CCOO de Cataluña. Será elixida

por acordo da maioría absoluta dos membros presentes no momento da toma de decisión. A duración da función da Sindicatura da Afiliación establécese nun período congresual de catro anos, ampliable a outro único período de catro anos máis logo do acordo do Comité Confederal.

O desempeño da Sindicatura da Afiliación é incompatible coa asunción de responsabilidades executivas e de xestión nos diversos ámbitos da estrutura sindical e dos instrumentos confederais da CONC. Garántese, así, que non sexa xuíz e parte ante as posibles queixas que se produzan.

As funcións e competencias da Sindicatura da Afiliación consisten en tutelar os dereitos individuais da afiliación –previstos nos estatutos do sindicato– e, ao tempo, dinamizar a mellora da calidade dos servizos sindicais e profesionais que a afiliación recibe, así como a correcta atención ás persoas afiliadas. Tamén pode facer as recomendacións que coide oportunas para perfeccionar as políticas afiliativas –di-

rixidas a mellorar a calidade e status interno da afiliación–. Asemade, a Sindicatura debe canalizar e tentar resolver coas estruturas sindicais ou os organismos prestadores de servizos afectados as queixas e reclamacións presentadas individualmente polas persoas afiliadas.

Compételle á Sindicatura canalizar e dinamizar as suxestións de mellora en relación cos servizos que poidan expor individualmente as persoas afiliadas e velar para que os ámbitos competentes do sindicato nas materias enunciadas actúen en coherencia co establecido.

A Sindicatura da Afiliación pode actuar a partir da presentación de queixas, suxestións ou propostas de mellora en relación cos seus ámbitos de actuación, pero tamén por iniciativa propia –para propor melloras ou previr actuacións que, froito da súa experiencia, considere que non deben repetirse.

Para dar coñecemento ao conxunto da organización dos traballos realizados, a Sindicatura da Afiliación presenta un relatorio anual ao Consello Confederal da CONC no que recolle tanto as estatísticas relativas ás queixas formuladas e resoltas como as súas recomendacións e propostas de mellora na atención á afiliación.

Co fin de pór en práctica a filosofía de colaboración do conxunto da organización sindical coa Sindicatura da Afiliación, constituíuse o Consello Asesor da Sindicatura, para darlle axuda e soporte no desenvolvemento das súas funcións. É elixido polo Comité Confederal da CONC e nel participan responsables sindicais

–tanto territoriais como federativos–. A función deste Consello é, basicamente, asesorar o síndico e darlle apoio no exercicio das funcións, así como recibir información das súas actividades e coñecer con carácter previo o relatorio anual –sobre o que emite opinión non vinculante, se o considerar oportuno–. Estas cuestións están recollidas nun regulamento de funcionamento da Sindicatura que detalla funcións e procedementos que debe seguir, fixando os protocolos e pautas de actuación.

As persoas afiliadas á CONC poden facer chegar as súas queixas ou suxestións desde a páxina web da CONC, mediante impreso normalizado –depositado nas caixas de correo instaladas nos principais locais territoriais do sindicato–, de xeito presencial ou tamén por correo electrónico. A seguir, procúrase a solución ou os medios para evitar que unha situación como a motivada pola queixa se volva producir.

Cabe destacar que esta instancia de mediación, arbitraje e resolución de conflitos, nos nove anos que leva funcionando, deu resposta satisfactoria á maioría de casos expostos. De media, o 84% das persoas afiliadas seguiron sendo unha vez mediou a Sindicatura. Estes resultados esperanzadores e o convencemento de que a atención e participación das persoas afiliadas son a esencia básica e a razón de ser de CCOO, anímannos a seguir coa tarefa da Sindicatura e a compartirmos a nosa experiencia con todas as organizacións que formamos parte da Confederación Sindical de CCOO.